



**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO,  
MATERIAL ESCOLAR E ACCESO AO FONDO PÚBLICO DE LIBROS NO CURSO  
2020/21**

(Orde do 6 de maio de 2020; DOG, 20/05/2020).

**1. DESTINATARIOS**

**a) Fondo de libros.** Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria. Para elo deben de facer a solicitude cubrindo os anexos correspondentes. Os libros deberán devolverse ao finalizar o curso ao Fondo Público da Xunta. Alumnos con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€ recibirán 6 libros del fondo. Alumnos con renda entre 6000 e 10000 € recibirán como mínimo 4 libros.

**b) Axuda para adquisición de libros de texto.** Alumnado de 1º e 2º de Ed. Primaria. Deben cubrir os anexos correspondentes. (Renda per cápita igual ou inferior a 6000 € recibirán 210€. Rentas de entre 5400 e 10000€ recibirán 140€). (Casillas 435+460)

**c) Axuda para adquirir material escolar.** Todo o alumnado de Ed. Primaria. Deben de solicitarse cubrindo os anexos. Os alumnos con renda igual o inferior a 6000€ recibirán un cheque de 50€

**2. FORMA DE PRESENTACIÓN**

A solicitude será única para todos os fillos admitidos no mesmo centro docente para o curso 2021/22. Pódese cubrir na aplicación Fondolibros, despois de cuberta deberá gardala e optar por unha destas formas de presentar:

- Debe presentarse preferentemente na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.(Coa Chave 365 ou Certificado dixital)
- Na secretaria do centro: Hai que imprimir a solicitude e o anexo II e presentalos debidamente asinados, xunto coa documentación.
- Rexistros oficiais.

A solicitude deberá estar asinada pola nai/pai ou titor/a legal do alumnado aceptando así as bases da convocatoria.

O prazo de presentación será ata o 22 de xuño (este incluído)

Ademais do **Anexo I (ED330B)** debidamente cuberto deberá achegarse a seguinte documentación:

a) **Anexo II** onde se autoriza a todos os membros da unidade familiar agás o solicitante que aparece no anexo I

b) **Libro de familia** no que figuren os membros computables.

1. Sentencia xudicial de separación ou divorcio onde figure o convenio regulador e a custodia do menor e a custodia do menor.

Excepcionalmente se o solicitante non ten ni DNI nin NIE, poderá acreditar o número de membros computables

1. Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
2. Certificado de convivencia.
3. Informe dos servizos sociais.

c) Certificado do grao de discapacidade no caso de non estar recoñecido por un órgano da Xunta de Galicia.

d) Violencia de xénero: Acreditarase en calquera das formas que enumero o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo.

e) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, segundo corresponda

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o alumnado para o alumnado en titulación de tutela ou garda da Xunta de Galicia

g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos social ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou titores carezan de DNI ou NIE.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2019, agás no caso de violencia de xénero.

A Coruña, 20 de maio de 2021  
A DIRECCIÓN